

HOXE INAUGURASE UNHA REUNIÓN DE ESPECIALISTAS EN DEREITO INTERNACIONAL

SANTIAGO. Redacción
O centenario Pazo de Fonseca de Santiago será escea do acto inaugural do Congreso de Dereito Público Internacional que se inicia hoxe, martes, organizado polo Instituto de Dereito Internacional. A este acto inaugural asistirá, presidindo a apertura, o presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe.

O Congreso reunirá durante os próximos días a arredor dunha centea de expertos mundiais en Dereito Internacional, todos eles membros da sociedade organizadora, o Instituto de Dereito Internacional, unha entidade independente que agrupa a un número restrinxido de especialistas de 40 distintos países.

Forman parte desta institución catedráticos e profesores universitarios, senadores e parlamentarios, maxistrados de tribunais constitucionais e outras maxistraturas estatais e xuíces da Corte Internacional de Xusticia. Inclúense, asimismo, membros do Tribunal das Comunidades Europeas e o Tribunal Permanente de Arbitraxes.

Entre os obxectivos perseguidos por esta organización, encóntranse a formulación do Dereito Internacional, a consecución da paz e da mellora das relacións internacionais, traballo este polo que se outorgou á institución o Premio Nobel da Paz en 1904.

SEIS OBRAS CONCORREN O FESTIVAL DE TEATRO DO CARBALLIÑO

SANTIAGO. Redacción
A vila de O Carballiño comenzará mañá recibir as compañías participantes no I Festival do Teatro Galego, que se desenvolverá nesta localidade dende o día 6 ó 12 deste mes de setembro organizado pola Asociación Cultural Orbalo en colaboración co Concello, a Comisión de Festas e a Consellería de Cultura.

Durante a semana, presentaranse no Carballiño seis distintas montaxes teatrais a cargo doutras tantas compañías, entre as que se inclúen "Máscara 17", "Orballo Teatro", "Teatro Sarabela" e "Teatro de Ningures".

As actividades iniciaránse o mesmo día 6 tra-la inauguración —a cargo do dramaturgo e director Manuel Lourenzo— coa posta en escena da obra "Ñeñeñe-Ukaká", de Ricardo Indio, polo grupo "Máscara 17". O día 7 será o "Orballo Teatro" con "Alucina Colón", de J. Ignacio Cabrujas, e o día 8 o "Teatro Sarabela" coa obra "Xacobe ou a submisión", de Ionesco.

O programa da semana, que se complementa cunha exposición de traxes e máscaras e unha mostra de teatro radiofónico, péchase co "Adeus, Madelón" de Manuel Lourenzo, a cargo da Escola Dramática Galega —día 8—; o "Salomé", de Wilde, polo Centro Dramático Galego —día 11— e mailo "Ubu Rei" de Alfred Jarry, a cargo do "Teatro de Ningures", o día 12.

A lingua galega, tema de numerosas comunicaciones

Filólogos de todo o mundo participan en Santiago no congreso de romanistas

SANTIAGO. Redacción

Especialistas de todo o mundo asisten dende onte en Santiago ó XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filología Románicas, organizado pola Sociedade de Lingüística Románica e a Universidade de Santiago baixo o patrocinio de distintas institucións e entidades galegas. A reunión asisten arredor de 1.300 filólogos e lingüistas, dos que preto de 700 presentarán comunicaciones ó longo dos cinco días que restan de sesións científicas.

O Congreso foi inaugurado a mediodía de onte no Auditorio da Universidade en Compostela nun acto ó que asistiron o conselleiro de Cultura, o vice-rector de Actividades Culturais e mailo presidente da Sociedade de Lingüística Románica, Max Pfister, así como varios dos responsables do comité organizador, todos eles profesores e catedráticos da Facultade de Filoloxía de Santiago.

Os investigadores participantes nesta edición do congreso proceden de 33 distintos países do mundo, sendo os más numerosos os procedentes de España, Alemania Federal, Francia, Italia e Portugal. Confirmaron a súa asistencia, asimismo, lingüistas especializados en distintas linguas chegados desde universidades e institucións de Canadá, Iugoslavia, Israel, Zaire e Estados Unidos, entre outros.

Para o desenvolvemento da reunión, cóntase coa representación oficial de 13 universidades do mundo e dúas academias da lingua —a belga e maila asturiana—, así como de diversos institutos de investigación españoles e europeos, departamentos universitarios de Filoloxía e a Sociedade Española de Psicoloxía de Lingüaxe.

Início das actividades

O programa científico do Congreso estructúrase en once distintas seccións que abranguen árees como a Lingüística Teórica e Sincrónica, Sociolingüística, Dialectoloxía, Filoloxía Medieval e Renacentista ou Gramática Histórica e Historia da Lingua. Dentro das seccións, os temas propostos pretenden, segundo súlfia a organización, provocar unha discusión profunda das principais correntes actuais da Lingüística e Filoloxía Románicas, discusión que se apoia non só nas comunicaciones senón tamén nas tres conferencias plenarias e as distintas mesas redondas previstas.

As conferencias plenarias correrán a cargo de tres reconocidos investigadores, Gerold Hilty, Alberto Varvaro e Cesare Segre, que falarán de temas como o lugar do galego dentro das linguas románicas, o estado actual e perspectivas da Lingüística Románica e a metodoloxía de edición de textos.

Início das actividades

As sesións científicas da reunión principiaron a primeiras horas da tarde de onte nas facultades de Xeografía e Historia e Filoloxía, coa exposición das 52 primeiras comunicaciones do programa a cargo de especialistas nas distintas árees. Entre eles, encontrábanse investigadores galegos



O Congreso inaugurouse onte coa presencia do conselleiro de Cultura, Alfredo Conde, e o presidente da Sociedade de Lingüística Románica, Max Pfister

como o director do departamento de Filoloxía Galega, Francisco Fernández Rei, ou Camiño Noia Campos, quen falou sobre a norma e a estandarización da lingua galega.

A estes dous investigadores engadiranse ó longo dos vindeiros días unha dúzia máis de profesores da Universidade galega, que participan activamente no programa científico do congreso coa exposición de comunicaciones nas que se recollen os resultados dos distintos traballos que se desenvolvén na Facultade de Filoloxía de Santiago e en distintos institutos de Bacharelato da Comunidade Autónoma.

Estudios do galego

Unha das seccións do Congreso está enteiramente adicada á historia e estado actual da lingua galega e nela participan especialistas, fundamentalmente, da Universidade de Santiago aínda que tamén de

institucións de investigación de Portugal e Asturias, entre outros.

Nesta sección trataranse cuestións tanto gramaticais e de historia da lingua como de sociolingüística, e existen comunicacións centradas nos usos e actitudes lingüísticas no ensino medio, o desenrollo do galego cara unha lingua moderna de cultura, a autonomía da lingua de Galicia con respecto ó portugués ou as actitudes e comportamentos cara este idioma dos comerciantes de Lugo.

No apartado de traballos en curso e programas de investigación, amais, presentáranse asimismo distintos proxectos que están en fase de elaboración na Comunidade Autónoma galega como é o caso do Atlas Lingüístico Galego —a cargo de Fernández Cid— ou os traballos lexicográficos no Instituto da Lingua Galega, presentados por Manuel González González.

AGAL acusa á organización do encontro de actitudes antidemocráticas

SANTIAGO. Redacción

A "Associacom Galega da Lingua" —AGAL— distribuíu no día de onte entre os participantes no Congreso de filólogos e romanistas un folleto explicativo no que se expoñen as causas da ausencia desta organización no desenvolvemento das sesións científicas. Afírmase, neste folleto, que estudantes e profesores membros da asociación viron como se lles impedía informar sobre "a situacom conflictuosa da Comunidade Cultural galego-portuguesa desta parte do mundo".

AGAL afirma, asimismo, que o Comité Organizador co XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas decidiu "anticientífica e abusivamente que só poderían expor a sua doutrina

as vozes contrárias ás teses tradicionais da Romanística sobre o Idioma Galego", negando con isto, segundo a asociación, a apertura dun "debate consistente e esclarecedor para todos sobre a formalizacón e cultivacón do idioma da Galiza".

No folleto distribuído por AGAL resúmense tamén as actividades realizadas pola asociación dende a súa fundación e mais unha relación de todas as publicacións editadas, así como unha breve reseña sobre os obxectivos perseguidos e os medios utilizados para a consecución destes, que son a normalización lingüística de Galicia e a formalización do idioma galego que, para AGAL, "pertence ao diásistema lingüístico hoxe denominado portugués".

ANPE SOLICITA QUE SE LLE PAGUEN OS DOCENTES AS DEBEDAS DO 14-D

SANTIAGO. Redacción

O sindicato de profesores ANPE ten remitido ó presidente da Xunta, Fernando González Laxe, un escrito no que se solicita o inmediato pago ó profesorado de Ensino Básico e Medios as pagas únicas de 25.000 e 29.000 pesetas resultante dos axustes salariais realizados trala folga do 14 de decembro pasado.

O sindicato argumenta no seu escrito o feito de que estas cantidades que se lles debe ós profesores galegos se fixeron xa efectivas en todo o territorio dependente do Ministerio de Educación e máis nas distintas comunidades autónomas con competencias no eido do ensino, agás no territorio galego. O sindicato, amais, califica este feito de "inxustificable" e "impropio dunha Administración que se considere un mínimo de eficacia".

ANPE reclamara xa no pasado, no mes de xullo, o pago destas débedas, sen que ata o momento a Administración educativa autonómica teña confirmado a súa intención de proceder ó pago.

Breves

Teatro da Lúa estrea o vindeiro día 7 a obra "Sigrid era só unha moneca rota", de Dorotea Bárcena. A montaxe, dirixida pola portuguesa Fernanda Lapa, presentárase no Teatro Principal de Compostela os días 7 e 8 deste mes de setembro, interpretada pola propia Dorotea Bárcena e máis por María Xosé Bouzas e Carme Castro.

Concello de Fene convoca o III Concurso de Guións de Vídeos Didácticos "Día da Patria Galega", ó que poderán concorrer tódolos autores, institucións ou empresas que o desexen sempre e cando os traballos estean escritos en lingua galega. Nesta terceira edición premiarase ó mellor guión literario sobre o tema "10 de marzo do 1972. De Amador e Daniel ó Día da Clase Obreira Galega". Os guións deberan enviar antes do día 20 de Nadal ó Taller Municipal de Vídeo do Concello de Fene, institución que será propietaria da promoción, comercialización e distribución da plica resultante do concurso.

Caixavigo inaugura mañá, día 6, a mostra antolóxica de Urbano Lugrís exposta en datas pasadas na cidade da Coruña. A inauguración celebrárase na sala de exposicións do Centro Cultural Caixavigo coa asistencia do director xeral de Cultura, Bonifacio Borreiros.

Colexio Maior "La Estila" organiza estes días, como en anos anteriores, un curso de introducción á Medicina, dirixido a alumnos dos primeiros anos da licenciatura e dedicado nesta edición á Fisioloxía Clínica. O curso diríxeo por Otero Costas e os participantes terán a oportunidade de asistir a sesións prácticas no Hospital Xeral de Galicia. O curso continuará ata o vindeiro día 8 de setembro e inclúe aulas de introducción ó manexo de programas de estadística para microordenadores.